

Estimado Sr. Alcalde / Estimada Sr^a. Alcaldesa:

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está organizando, en colaboración coa Fegamp, unha xornada informativa sobre novas vías de axilización dos trámites administrativos en relación aos expedientes de bens patrimoniais, que se abren co desenvolvemento do novo marco normativo disposto pola Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Este encontro desenvolverase o mércores, 24 de xaneiro, no Salón de Convencións CINC da Cidade da Cultura, desde as 11.30 ata as 13.30 horas.

O obxecto desta xornada é explicarlles aos representantes municipais e/ou profesionais relacionados coa área de urbanismo, os novos instrumentos normativos que se veñen de habilitar.

Medidas, todas elas consensuadas coa Fegamp, que procuran unha maior axilidade na tramitación e unha maior seguridade xurídica para as persoas e administracións, e que así mesmo contribúen a tomar conciencia da importancia do Patrimonio Cultural como unha oportunidade de desenvolvemento territorial e de xeración de recursos.

É por isto que nos gustaría contar coa súa presenza nesta xuntanza informativa, na que participaremos.

Agradeceríamos que fixese extensivo o convite a estas xornadas ao/á secretario/a xeral do concello, así como ao/á concelleiro/a de Urbanismo e aos/ás técnicos/as municipais desta área, por entender que poden serlles de interese de cara a facilitar as súas tarefas cotiás, gañando en eficacia e eficiencia.

A efectos organizativos precisaríamos saber, como data límite, o luns 22 de xaneiro, o representante ou representantes do seu concello que teñen previsto asistir.

Reciba un cordial saúdo.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Alfredo García Rodríguez
Presidente da Federación Galega
de Municipios e Provincias

Santiago de Compostela, 08 de xaneiro de 2018

